



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

Extracto da resolución da Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude, pola que se acorda aprobar as bases reguladoras específicas de “axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos-as para o curso 2025-2026.

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiari@s destas axudas o pai/nai, ou titor legal do alumnado empadroadado no término municipal das Pontes de García Rodríguez que vaian a cursar calquera dos seguintes estudos: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior, estudos de conservatorio profesional de música.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas ás familias para atender os gastos de adquisición de libros, material escolar, material informático e material para o conservatorio.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 97, do 23 de maio de 2025, dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/05/23/2025_0000003238.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 33.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025.320.48100 e 1.500,00 con cargo á aplicación orzamentaria 2025.320.78000.

Quinto. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude realizarase no rexistro do Concello ou a través de formato da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/e/index.html>.

O prazo será de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte á data da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Forma de pago das axudas.

Trala resolución de concesión da axuda económica, as contías serán abonadas mediante a entrega dun vale. Deste xeito, a persoa beneficiaria deberá acudir ás oficinas do Servizo Sociais do



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

Concello para retirar o vale da axuda concedida.

O prazo para presentar as facturas finalizará o día 15 de decembro de 2025.

Oitavo.-Compatibilidade con outras axudas.

A concesión destas axudas será compatible con calquera tipo de axuda ou subvención que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

As Pontes de García Rodríguez

A Concelleira Delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude,

María Tania Pardo Cabarcos